

Asunto: Consulta parque eólico Paraño Oeste

Promotor: Eólica Galenova, SLU,

Localización: Concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense)

Clave: IN661A DXIEM-02/11

ANTECEDENTES:

o proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalación do parque eólico de referencia .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental da actuación Parque Eólico PARAÑO OESTE no termos municipais dos Concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) e a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Conselleira de Economía, Empresa e Innovación, solicitouse a través do rexistro informe dentro das nosas competencias con data 1-10-2021, realizándose pertinente informe, de tal xeito que con data 29-11-2021 achegouse resposta ao mesmo emitíndose o seguinte informe

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado está formado por 14 aeroxeneradores acadando una potencia total de 49,7 MW, o modelo de aeroxenerador terá un diámetro máximo de rotor de 132 m e altura máxima de buxe ata 114 m.

INFORME

Segundo o Estudio de Impacto Turístico do Proxecto Parque eólico PARAÑO OESTE tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.

Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recurso naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poda producir no futuro repercusións apreciable, é necesario que se establezan medidas preventivas o correctoras no desenrolo da explotación.





CONCLUSIÓNS

As afeccións á explotacións de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achedado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o Parque eólico PARAÑO OESTE no turismo rural local así como na súa contorna é REDUCIDO e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental, de tal xeito que as afección a elementos arqueolóxicos existentes debe ser analizado desde o punto de vista patrimonial.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

